



PRESENTACIÓN DO PROGRAMA CINENSINO DIRIXIDA AOS PAIS DO ALUMNADO

A Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida saudables a través do Servizo de Drogodependencias e Trastornos adictivos da Consellería de Sanidade en colaboración cos concellos participantes, oferta aos centros escolares de Galicia a posibilidade de participar nun programa de prevención de drogodependencias creado e desenvolvido integramente en Galicia.

CINENSINO é un programa de prevención de drogodependencias dirixido ao ámbito escolar e ten como obxectivo diminuír ou eliminar os factores de risco (presión do grupo, busca de sensacións, baixa percepción do risco, etc) e potenciar os factores de protección fronte ao consumo de drogas no alumnado tanto de carácter individual e familiar como escolar e comunitario

¿Como acadalo noso obxectivo?

1. Proporcionando coñecemento da interacción drogas-organismo, consecuencias do seu uso e riscos asociados.
2. Favorecendo o sentido crítico fronte a propaganda que potencia o uso de substancias legais.
3. Potenciando a autoestima, a capacidade de decisión, a autonomía persoal e reforzando a asertividade como medios para fortalecer a resistencia á presión do grupo.
4. Mostrando alternativas de ocio e deporte facilitadoras de experiencias novas e excitantes para os adolescentes.

O programa vai dirixido á poboación escolar de 1º e 2º da ESO por ser nesta idade na que se producen os primeiros consumos esporádicos de drogas. A intervención preventiva debe comezar antes de que se establezan patróns de consumo difíciles de cambiar.

CINENSINO consta da proxección en 35 mm (formato cine) de 3 películas (unha cada trimestre), a realización das correspondentes unidades didácticas (compostas dun manual para o profesorado e un caderno para o alumnado) e a posibilidade de facer un curso de formación para o profesorado a través da internet.

Durante o curso 2008-2009 teñen participado no programa CINENSINO máis de 20.000 alumnos de 67 concellos de Galicia.

Cinensino (Programa declarado de Interese Sanitario pola Consellería de Sanidade) recibiu en 2.004 o Certificado de Calidade do Observatorio Europeo de Drogodependencias (OEDT) e colaboran no seu desenvolvemento as tres Universidades galegas, o Plan Nacional de Drogas, o Consorcio Audiovisual de Galicia e a Axencia Audiovisual de Galicia.

Para máis información contactar:

Programa CINENSINO
ESTINGA Servicios Sociales, S.L.
Avda do camiño Francés, nº 4. 1º A. 15.704. Santiago de Compostela
Tfno: 981-577.142
Fax: 981-575.603
Email: cinensino@estinga.com
Web: www.estinga.com ou www.cinensino.com